



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Convocatoria extraordinaria de presentación de instancias para brigada de incendios 2022

Expediente: 2022/G003/000481

Visto o Decreto de data 19 de xullo de 2022 onde se aproban as bases para a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais (un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada) por un período de tres meses.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 140 de 26 de xullo de 2022 publícase a convocatoria do citado proceso selectivo dando un prazo de presentación de instancias de cinco (5) días hábiles.

Visto que o día 2 de agosto de 2022 rematou o prazo conferido para a presentación de instancias para participar no devandito proceso selectivo.

Compróbase que non hai ningún candidato para o posto de peón condutor e un só candidato a xefe de brigada, polo que non é posible conformar a brigada de incendios de acordo co convenio asinado coa Consellería de Medio Rural que financia estas contratacións.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

- 1) Publicar unha convocatoria extraordinaria para a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais (un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada) no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do Concello Lousame así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.
- 2) O prazo de presentación de instancias será de **tres (3) días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria extraordinaria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Mándao e asínoa a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

A secretaria-interventora
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro
do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)

M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

